



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 27/11/2009.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de novembro do presente ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes na sesión, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

Dase conta do expediente tramitado para a asistencia ó Concello para a realización dun estudo de valoración e relación dos postos de traballo. A realización deste proxecto para varios concellos da provincia foi organizada e coordinada pola Deputación Provincial, e os



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

traballos correspondentes foron realizados pola empresa Nordorian, S.L., e dirixidos neste Concello polo concelleiro de facenda, desenvolvemento local e deporte, Sr. Soto, e foron entregados ó Concello con data do pasado día 13 de novembro.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto explica brevemente o contido do documento de proposta e valoración, así como o proceso seguido pola empresa para a realización deste traballo, que partiu das entrevistas realizadas practicamente a tódalas persoas que traballan para o Concello e remata cunha proposta organizativa que mellora as condicións do persoal e supón unha importante actualización organizativa para o Concello, que nunca se realizara con anterioridade e cuxa aplicación comezará no vindeiro ano 2010.

O Sr. Bedoya manifesta a postura favorable á aprobación desta RPT, considerando que supón a mellora da dotación dalgúns postos de traballo e corrixe tamén pequenos desfases existentes entre o persoal do Concello ata a data.

Tamén o Sr. Márquez amósase conforme coa proposta, que cre mellorará a correlación entre o contido de cada posto e a súa retribución.

O Sr. Alcalde interven brevemente para clarexar que a RPT é un documento necesario desde o punto de vista legal e do que o Concello carecía ata agora, e que a súa confección foi íntegramente sufragada pola Deputación Provincial, co conseguinte aforro para o Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á Relación de Postos de Traballo deste Concello, ordeando a realización dos trámites necesarios para a súa posta en aplicación coa brevidade posible.

TERCEIRO. ACORDOS PARA A APROBACIÓN DO P.O.S. 2010 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, e dos proxectos redactados para as obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Alcalde explica que, en aplicación do previsto nas bases do POS para o presente exercicio, unha parte da financiación prevista, por un importe próximo ó 50%, vaise adicar a gasto corrente, como xa consta no proxecto de Orzamento para 2010 que se debatirá nesta



mesma sesión. O Sr. Gudín interven de seguido para explicar as características básicas dos tres proxectos que conteñen as obras a realizar, por un importe total de 110.000 euros, sobre todo para ir rematando cos accesos a vivendas, sempre por pistas de dominio público.

O Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que outra vez este ano se incumple o compromiso do BNG de adicar estes cartos a outro tipo de obras, non a pavimentacións, que antes se criticaban, e se propoñen novamente obras en pistas e estradas municipais, en lugar de facer o plan de investimentos do que falaba ese grupo cando estaba na oposición. En calquera caso, o grupo do PP apoiará esta proposta, porque aínda que hai tamén outras pistas que precisan melloras e outras obras pendentes, as proxectadas son necesarias, o mesmo que a actuación prevista no abastecemento de auga, engadindo que se bota en falla unha distribución do investimento entre todas as parroquias, que era algo que o PP sempre trataba de facer co POS.

O Sr. Márquez di que lle parece necesario manter o compromiso de completar os accesos a vivendas, como infraestrutura de carácter básico, e que a elección das obras concretas que van nesta proposta pode ser discutible, pero todas elas son necesarias, polo que apoiará tamén a proposta.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2010, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar no POS 2010, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2010, de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

| Denominación da obra | Estado + Deputación | Concello | Importe total Euros |
|--|---------------------|----------|---------------------|
| Camiño en A Vila, Freixo e Pico (Naraío) | 40.260,93 | 2.752,88 | 43.013,81 |
| Acceso á área recreativa de Igrexafeita e os camiños de Borreiros de Abaixo, Couce da Fraga e Amido | 28.436,21 | 1944,36 | 30.380,57 |
| Ampliación do abastecemento en Outeiro e Cornide e pavimentación de camiños en Ramil, Chao de Lamas, o Fabal e Felgosa | 34.670,45 | 1.935,17 | 36.605,62 |
| | 103.367,59 | 6.632,41 | 110.000 |

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2010 e que se relacionan neste cadro.

B) Financiamento de gastos correntes:

| | |
|--|---------------|
| Achega provincial achegada ó financiamento de gastos correntes | 100.000 Euros |
|--|---------------|

C) Resumo

| DENOMINACIÓN DA OBRA | Estado + | Concello | Importe |
|----------------------|----------|----------|---------|
|----------------------|----------|----------|---------|



| | Deputación | | total Euros |
|----------------------------------|------------------------|-----------------|----------------|
| SUBTOTAL OBRAS | 103.367,5 9 | 6.632,41 | 110.000 |
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES | 100.000 | 0 | 100.000 |
| TOTAL | 203.367,5 9 | 6.632,41 | 210.000 |

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación do Plan Complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no Plan do que se trata.

3º.- Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes necesarias para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2010 as cantidades necesarias para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 2010.

5º.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras e adquisición, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos.

7º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

CUARTO. APROBACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2010.

Dase conta polo concelleiro de facenda Sr. Soto, do contido do proxecto de Orzamento do Concello para 2010, que contén os documentos precisos para a súa aprobación.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto explica que o Orzamento preséntase coa nova estrutura que entrará en vigor o 1 de xaneiro, o que complicou bastante a súa elaboración, e que se trata dunha proposta ambiciosa para os tempos actuais, pero realista, cun incremento total moi moderado e que incide principalmente nas áreas prioritarias para o grupo de goberno, tales como as políticas



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

de igualdade e conciliación, o reforzamento do servizo de axuda no fogar, o fomento do turismo, a formación, a recuperación do patrimonio e a sensibilización en temas medioambientais. Di que a redución prevista nas transferencias correntes pola minoración dos ingresos tributarios queda compensada coa previsión de aportación para gasto corrente do novo plan de Zapatero e de parte do P.O.S., ata acadar un pequeno incremento do 1%. Pon de manifesto o problema derivado da baixada nas previsións de transferencias de capital, indicando que a Xunta non ten unha previsión neste sentido que permita orzamentar axeitadamente e se espera unha redución importante neste apartado. Alude brevemente ó incremento do gasto de persoal nun 4% como consecuencia do contido da RPT aprobada nesta mesma sesión, e fala da contención do gasto corrente, como corresponde a esta época de crise, para rematar cunha referencia ó importante esforzo inversor e ó cumprimento dos obxectivos do programa de orzamento participativo, parte de cuxos investimentos se realizarán co novo Plan E que se porá en marcha a principios de 2010.

O Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que o seu grupo non debatirá o contido desta proposta, por falla material de tempo para o seu estudo, protestando polo feito de que soamente desde onte poideran dispoñer dunha única copia do proxecto, o que non consideran de recibo. Di que cando gobernaba o PP o proxecto se remitía alomenos cunha semana de antelación e que en moitas ocasións foi debatido en comisión informativa e incluso se aceptaron suxestións do BNG, que se abstivera na votación nalgunha ocasión, xa que ese grupo sempre esixiu desde a oposición o que agora incumpe gobernando, e dicía que consideraba o orzamento como algo máis que un trámite administrativo. Di o Sr. Bedoya que esta forma de actuar lle parece un abuso, e que non hai unha liña de actuación clara por parte de goberno local, máis que o continuismo. Polo referido ás transferencias da Xunta, di que agora se goberna para todos, e non soamente para algúns, como facía o anterior goberno. Remata manifestando a esperanza de que a próxima vez se fagan as cousas mellor e con tempo para un debate que considera necesario.

O Sr. Márquez di que o proxecto permite seguir na liña de actuación marcada polo actual goberno, resaltando a importancia do orzamento participativo, e sinalando que o contido da documentación que integra o documento non precisa tanto esforzo de comprensión.

O Sr. Soto manifesta a súa sorpresa porque se vote en contra dunha proposta que non se mirou ou non se quixo mirar, decindo que a convocatoria fíxose en prazo e que a proposta presentouse completa e ben detallada, que no seu momento díxose expresamente que se contaba con todos para o orzamento participativo, no que parece que o PP non quere participar. Di tamén que en anteriores legislaturas o BNG presentaba propostas de modificación para o seu debate, e que non hai continuismo máis que no sentido de insistir nas políticas que funcionan.

O Sr. Bedoya di que antes podíanse facer propostas porque o gobeno deixaba tempo para o estudo dos asuntos, como en tódolos concellos ata agora. En relación co tema do orzamento participativo, di que non cre nel, que a cantidade adicada é moi reducida, e que



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

sen pretender ofender a ninguén, hai xente que participa niso de boa fe, pero hai outros que o fan polos seus intereses ou a súa ideoloxía, e que tampouco é gratis, que se paga a unha empresa por ese traballo. Ademais, os grupos políticos deben debatir neste ámbito do Pleno, e non en asambleas polas parroquias.

O Sr. Soto resposta que pode que o asunto sexa que a esquerda é máis participativa e activa, e que o importante é que a xente teña a opción de participar, o faga ou non. Di tamén que a propia Xunta na súa páxina web pon como exemplo a San Sadurniño polo tema do orzamento participativo, que foi o PP quen aprobou a Axenda 21 e que o que se está a facer agora é a aplicación práctica dese instrumento, que tamén foi realizado por unha empresa e pagado e que se considera necesario rendibilizar.

Sometida finalmente a votación ordinaria a aprobación do proxecto de presuposto para 2010, nos mesmos termos nos que foi redactado, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e do do PSOE, con cinco votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento deste Concello para o ano 2010, establecendo a súa contía, tanto en ingresos como en gastos, na cantidade de TRES MILLÓNS SETENTA MIL EUROS (3.070.000), e asignando a cada un dos capítulos en que se organiza a súa clasificación económica as seguintes cantidades:

| INGRESOS | |
|---|------------------|
| OPERACIÓNS CORRENTES | |
| Cap. 1- Impostos directos | 558.600 |
| Cap. 2- Impostos indirectos | 40.000 |
| Cap. 3- Taxas e outros ingresos | 212.000 |
| Cap. 4- Transferencias correntes | 1.248.500 |
| Cap 5- Ingresos patrimoniais | 11.000 |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| Cap. 6- Alleamento de investimentos reais | 100 |
| Cap. 7- Transferencias de capital | 999.700 |
| Cap. 9- Pasivos financeiros | 100 |
| TOTAL | 3.070.000 |
| GASTOS | |
| OPERACIÓNS CORRENTES | |
| Cap. 1- Gastos de persoal | 1.049.550 |
| Cap 2- Gastos en bens correntes e de servizos | 804.000 |
| Cap. 3- Gastos financeiros | 16.000 |
| Cap. 4- Transferencias correntes | 69.500 |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| Cap. 6- Investimentos reais | 1.110.950 |



| | |
|-----------------------------------|------------------|
| Cap. 7- Transferencias de capital | 4.000 |
| Cap. 9- Pasivos financeiros | 16.000 |
| TOTAL | 3.070.000 |

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito Orzamento.

3º.- Aprobar, de conformidade co establecido nos artigo 126-1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 2 de abril, a plantilla que comprende os postos de traballo existentes no Concello, segundo a Relación de Postos de Traballo aprobada nesta mesma sesión, e o resto da documentación complementaria adxunta ó proxecto de Presuposto.

4º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

5º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, previo o cumprimento do trámite de publicación do resumen por capítulos, xunto coa documentación complementaria establecida na lexislación aplicable.

6º.- Ordea-la remisión de copias do Presuposto, unha vez aprobado definitivamente, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO. APROBACIÓN DE BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E DE AXUDAS Ó ESTUDO.

Dase conta polo concelleiro de facenda Sr. Soto, do contido das propostas das “bases reguladoras para a concesión de bolsas escolares e axudas para gastos de garderías infantís no curso 2009-2010”, as “bases da convocatoria de subvencións para a promoción do deporte e entidades deportivas” e das “bases da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no ano 2010”.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto explica que estes documentos presentan poucos cambios respecto ós do ano 2009, especialmente en materia de entidades deportivas, que é a súa responsabilidade directa, xa que comprobouse que o resultado da súa aplicación foi bastante satisfactorio.

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que polo referido ás bolsas escolares e axudas para gastos de garderías, hai algúns cambios puntuais, como o establecemento dun límite



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

máximo para as axudas de 600 euros, ou a mellora do escalonamento na baremación das rendas dos solicitantes.

O Sr. Varela, pola súa banda, en relación coa última das convocatorias, a relativa a entidades culturais, explica algunhas modificacións de detalle, relativas principalmente á baremación.

O Sr. Bedoya amósase conforme co contido destes documentos, manifestando o apoio do seu grupo ós mesmos.

Sometida finalmente a votación ordinaria a aprobación das referidas bases, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlles a súa aprobación, ordeando a realización, coa brevidade posible, dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor.

SEXTO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NO ORZAMENTO DE 2009.

Dase conta polo concelleiro de facenda Sr. Soto, das dúas propostas de expedientes de modificación de créditos no vixente orzamento, os números 03/2009 e 04/2009.

Os expedientes de que se trata non foron dictaminados pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre os mesmos.

En relación co primeiro dos expedientes, o 03/2009, un suplemento de crédito para investimentos do capítulo 6 de gastos, por importe de 230.000 euros, financiado con cargo ó remanente líquido de tesoureiría, o Sr. Soto explica a súa necesidade para a financiación de investimentos de importancia, parcialmente financiados por outras administracións e que non poden demorarse ata o vindeiro exercicio 2010. Fai referencia tamén a un erro na consignación orzamentaria inicialmente prevista para a construción do ximnasio municipal, que influeu algo na necesidade de acometer esta modificación.

Polo referido o segundo expediente, o 04/2009, indica o Sr. Soto que se trata dun crédito extraordinario para gasto corrente do capítulo 2, financiado con cargo a maiores ingresos, obtidos no capítulo 1, correspondente ós importos directos, e resulta necesario debido á importante suba dalgúns gastos correntes, como o consumo de enerxía eléctrica derivado das modificacións do sistema de facturación neste exercicio. Di tamén que aínda que neste momento non é posible polo ritmo de realización dos ingresos previstos, seguramente será preciso aprobar unha última modificación de crédito, destas mesmas características, dentro duns días, o que se faría pola Xunta de Goberno dando conta ó Pleno na próxima sesión.

O Sr. Bedoya interven para indicar que a pesar de que o seu grupo votou en contra do orzamento de 2009, entre outras cousas por entender que a consignación para gasto corrente era escasa, como se demostra agora con esta proposta, o seu grupo se absterá na votación



para non perxudicar ás persoas que teñen facturas pendentes. Sinala tamén que de non ser pola boa xestión económica realizada polo PP cando gobernou, agora non sería posible acudir ó remanente para estas modificacións.

O Sr. Soto puntualiza que o remanente existente débese tamén á boa xestión realizada polo actual goberno nos últimos exercicios, e pregunta porqué se concertou unha operación de crédito cando existía remanente positivo. O Sr. Bedoya resposta que para a realización de varios proxectos ambiciosos que aínda están por facer. O Sr. Soto pregunta cales son eses proxectos, e o Sr. Bedoya di que dúas grandes obras que se abordarán no futuro coa colaboración doutras administracións, sen especificar cales.

No exercicio das atribucións conferidas polas bases de execución do vixente Presuposto en relación co artigo 177 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e os artigos 34 a 46 do Real Decreto 500/1990, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e do do PSOE, con cinco abstencións, dos concelleiros do PP, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 03/2009, do Presupuesto do 2009, na modalidade de suplementos de crédito, de acordo co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos

| Partida: grupo e artigo | Consignación actual | Incremento | Consignación resultante |
|-------------------------|---------------------|------------|-------------------------|
| 5-60 | 1.672.734 | 230.000 | 1.902.734 |

Altas en Partidas de Ingresos

| Partida: capítulo e artigo | Consignación actual | Incremento | Consignación resultante |
|----------------------------|---------------------|------------|-------------------------|
| 87 | 0 | 230.000 | 230.000 |

2º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 04/2009, do Presupuesto do 2009, na modalidade de crédito extraordinario, de acordo co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos

| Partida: grupo e artigo | Consignación actual | Incremento | Consignación resultante |
|-------------------------|---------------------|------------|-------------------------|
| 1-22 | 600.471 | 64.200 | 664.671 |

Altas en Partidas de Ingresos

| Partida: capítulo e artigo | Consignación actual | Incremento | Consignación resultante |
|----------------------------|---------------------|------------|-------------------------|
| 11 | 529.000 | 64.200 | 593.200 |

3º.- Ordea-la exposición ó público do contido do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, o seu exame e a presentación de reclamacións, especificando que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderanse definitivamente aprobados os expedientes de que se trata.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e vintecatro minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,